

O POVO É QUEM MAIS ORDENA

Cumpridos 37 anos da Revolución dos Cravos, as verbas dun dos meus versos favoritos en lingua galega chegan hoxe a nós máis pisadas que nunca: “...terra da fraternidade, o povo é quem mais ordena...”. A situación é triste en Portugal, o ‘síndrome do fado’ ao que se refería Xoán Vázquez Mao en Xornal invade novamente ao país, que por terceira vez desde aquel ‘25 de abril sempre’ vese abocado a pedir axuda internacional. Unha intervención que tamén terá consecuencias para os galegos: a primeira, a máis que probable paralización *sine die* do AVE Porto – Vigo, un investimento esencial para o desenvolvemento económico da nosa Eurorrexión, pero que a ollos de Lisboa e Madrid (e seica, agora tamén, Catalunya) non é un investimento, senón un gasto supérfluo. O povo galego –a ambos lados da ‘raia’- nom é quem mais ordena, xa ven.

A intervención responde, aparentemente, á necesidade de facer fronte a unhas cifras difíciles de soste cando os poderes económicos –perdón, ‘mercados’- están de non: débeda externa bruta de 500 mil millóns de euros (2,25 veces o PIB luso), e débeda pública disparada, tras a recente corrección, case 40 puntos porcentuais no último lustro (Santos Pereira, 2011), para unha previsión a finais de ano cercana ao 100% do PIB. Pero unha análise menos inxénuo (Ricardo Cabral, 2010) apunta as razóns de fondo: “*Unha débeda en mans dos propios cidadáns do país ten efectos menos perniciosos porque os xuros pagados retornan á economía doméstica. A débeda externa, se non financia investimentos productivos, fai á nación máis pobre. O problema dos PIGS é que unha parte significativa da súa débeda é externa (un 30% superior que a media observada nas crises financeiras de Latam e Asia dos anos 80 e 90)*”. As alternativas son 1.- programas de austeridade ‘à la FMI’, coa consecuenta depresión económica que conleva: “*Os precedentes históricos e o volume dos desequilibrios suxiren que os PIGS serán incapaces de reducir a súa débeda externa por moi austeros que sexan os seus orzamentos*”. Ou 2.- reestruturar débeda externa: “*Nunha economía de mercado, os niveis excesivos de débeda do sector privado resólvense a miúdo mediante bancarrota ou suspensión de pagamentos. A solución para a débeda externa debería ser a mesma: debedores e acredores que asumiron excesivos riscos deberían cargar coas perdas*”.

A ortodoxia neoliberal do BCE só lle permite financiar débeda pública ás malas (monetizar débeda puido ter sido claramente unha solución á crise de débeda soberana, especialmente nos primeiros meses cando o risco de deflación era elevado). No canto, barra libre para a banca europea ao 1% para que esta financie a débeda pública de Irlanda e Grecia ao 10%. Pero cando un obtén eses rendementos é porque existe un risco evidente de impago, polo que debe asumirse a perda de producirse. Pero por suposto, a opción 2 non se contempla. Como xa apuntou en Xornal Xavier Vence, non se está a ‘rescatar’ a Portugal, senón aos seus acredores.

Cando en setembro de 2008 o sistema financeiro mundial marchaba polo sumidoiro, as promesas a cambio dos billóns de euros e dólares de rescate eran ‘refundar o capitalismo’, ‘suprimir os paraísos fiscais’, ‘regular os derivados’... Eran os días nos que o daquela presidente da patronal española, Díaz Ferrán, pedía “*un paréntesis en la economía de mercado*”. Abofé que o conseguiron. Hoxe todos en Europa sabemos que aquel ‘o povo é quem mais ordena’, isto é, a democracia, é só un entretemento cada catro anos para o pobo, como os Madrid – Barça destes días. Mandar seguen a mandar os de sempre, có agravante de que conseguiron refundar o capitalismo a un sistema onde os beneficios son privados, mais as perdas son de todos.